



# EMMA PEDREIRA

## ESCRITORA

*"Nunca me gustaron as princesas Disney. Tampouco a idea da pasividade e a consideración de vítimas das protagonistas dos contos tradicionais".*

*"Sempre estiven do lado das voces que non son escoitadas, tratando de prestar a miña e non sendo oída, tamén, moitas veces".*

Nacín na Coruña porque lle cadrou, porque foi máis doado volver co coche cara atrás, á cidade, que seguir cara á aldea e ser eumesa de verdade, non só de corazón. Crieime entre eses dous mundos, o dunha aldeíña na que non tiña nin raíces propias pero que sentía miña, a dez minutos de Pontedeume e as Atochas-Monte Alto na Coruña. Aos doce anos pechamos aquela casa e quedei orfa do rural e daquela liberdade e aprendizaxe da aldea e da vila.

Tiven moi mala saúde sempre e pasei parte da infancia e da adolescencia en hospitais, consultas médicas, rehabilitación. Moitas horas tombada nunha cama onde comecei a miña relación coa lectura e tamén coa escrita. Coido que canto máis conto esta parte máis a desgasto e xa case non a podo lembrar. É como se de sempre estivese cun caderno nas mans. Máis tarde cunha máquina de escribir e logo cun ordenador. Agora, curiosamente, volvo aos cadernos.

Na universidade pasei máis tempo na biblioteca lendo e asistindo a xuntanzas de poetas e recitais que ás aulas, polo que son poeta máis de prácticas que de teoría. Aproveitei moito aqueles anos para ler obras completas de grandes clásicos e títulos e máis títulos de poesía. Formamos un grupo poético, o Colectivo Humilladoiro e publicamos varios fanzines chamados PolpA, Alentía ou Aldehiddo & Wicca. Da universidade saín sabendo que non sería profesora pero afianzada como escritora, con varios libros xa publicados.

Sempre estiven en contacto co pensamento feminista. Na miña casa non se educaba de maneira diferente os nenos e as nenas pero si na das miñas amigas, e iso facíame ferver o sangue. Fun asumindo desde moi nova que todo debe ser tratado en conxunto para que todas as persoas poidamos ser autónomas, autosuficientes. Logo chegou a consciencia do maltrato, das violencias domésticas, físicas, psicolóxicas, estruturais. Na casa, na escola, nas contornas inmediatas. Ata chegar á universidade non atopei focos de debate onde se lle puxese a todo isto nomes, teorías e argumentos pero sempre estiven do lado das voces que non escoitan, tratando de prestar a miña e non sendo oída, tamén, moitas veces.

Literariamente tamén me resultaba moi simbólico que na universidade non estudiáramos máis que un par de autoras, que fosen pouquísimas (realmente ínfimas) as referencias a filólogas, escritoras, lingüistas, pensadoras e outras artistas. Supuxo unha auténtica apertura de ollos compartir creación literaria cunha xeración, a dos 90, con tanta presenza feminina e con tanta ollada cara ao propio, tanta externalización do corpóreo, do sexual, do emocional feminino e, de, cara ao feminista, non houbo máis que facer do poema acción e militancia.

#### A INTERESANTE RELECTURA DOS CONTOS TRADICIONAIS NO "LIBRO DAS MENTIRAS"

Nunca me gustaron as princesas Disney, iso de primeiro. Tampouco a idea da pasividade e o vitimismo das protagonistas dos contos tradicionais e, chegar a ler libros como A cámara do sangue, de Angela Carter ou Transformations de Anne Sexton, onde elas eran libres, empoderadas, mesmo perigosas, fíxome buscar novas referencias para contar eses mesmos contos. Hai un cento de autoras que xa o fixeron, desde Carmen Blanco en Vermella con lobos a Martín Gaité en Caperucita en Manhattan pero eu quería ser máis explícita. Quería, ademais, que fosen poemas, lixeiros, doados, que collesen esa referencia Disney e desbotala, ir á fonte, aos Grimm e ao Perrault, que tanto sacrificaron o espazo e o campo de actuación das rapazas prohibíndolles todo agás ser submisas e casar. E aí, desde esas imaxes tan coñecidas, eses referentes que case ninguén perdeu, proporcionar unha idea actual e axeitada: unha Carapuchiña vingativa, un Bela Adormecida que ten que recuperar unha vida enteira cando esperta ou unha Branca de Neve que non quere pasar polo coitelo do cazador pero tampouco polo bisturí estético da madrasta. É un poemario que a xente entende moi ben porque coñece as dúas polaridades e sabe desconectar e re-conectar no que está ben e no que foi imposto por un patriarcado que nos borrou o protagonismo desde nenas.

## EXPERIENCIAS CON GRUPOS DE LECTURA

Foi unha etapa moi divertida da miña vida e tamén bastante ampla. Primeiro comecei dando obradoiros de escrita, e de aí pasei a levar pequenos grupos de lectura, mesmo temáticos: de poesía, feminista, de literatura galega, de teatro lido...Ata cheguei a coordinar un club só para mulleres tristes. Non o chamabamos así, por suposto, pero era algo así como unha xuntanza terapéutica para mulleres que estaba a pasalo mal por diversas problemáticas e, a través da lectura, tiñamos as canles para manexar emocións e, sobre todo, crear unha rede de afectos, que é ao final no que se convierten todos estes grupos.

Non sei como se constrúe unha escritora porque eu estou aínda nese proceso. Supoño que non son a indicada para dicilo e menos neste momento, no que me considero na metade da miña vida e tamén da miña carreira. Imaxino que cando estea a piques de desaparecer e mire atrás, poderei ver algo de todo ese percorrido e ver se fixen algo ben. No punto no que estou agora, con corenta anos de vida e vinte e pico de experiencia, os alicerces da miña construción están na escoita e na observación constantes, na curiosidade e nas lecturas. Non entendo escribir sen ter lido centos, miles de libros antes, coñecer como o fixeron outros escritores e escritoras noutras épocas e lugares e, particularmente, interésanme moito todas esas obras que falan de como comezaron escribir esas persoas, sobre todo as mulleres.

